

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 21 DE XANEIRO DE 2010.

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugar dos, ás nove horas do día vinte e ún de xaneiro do ano dous mil dez, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do sr. Alcalde-presidente D. Xosé Fernández Barcia e coa asistencia das/os concelleiras/os, D. José Juan Roca Lorenzo, D. José Antonio Bouza Rey, D^a. Angeles Díaz Prados e D^a Gloria Fornos Bastida. Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Vanessa Garcia Barreiro.

Actúa como secretario, o que o é desta Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 23.12.2009

A Xunta de Goberno Local - coa abstención do concelleiro sr. Roca Lorenzo por non ter asistido á sesión - acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión extraordinaria realizada o día 23.12.2009.

2.- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

Visto o escrito presentado pola empresa VEHÍCULOS, EQUIPAMENTOS Y CARROCERÍAS PRIETO-PUGA, S.L. (VEICAR), interesando a devolución do aval definitivo constituído no seu día para garanti-lo subministro de "*vehículo contraincendios e salvamento de primeira intervención bomba lixeira urbana*" e tendo en conta o informe emitido en data 31.12.2009 polo responsable da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Mugar dos - servizo ao que está adscrito dito vehículo - no que se fai constar que, transcorrido o preceptivo prazo de garantía, o mesmo atópase en perfectas condicións sen que se observe ningún defecto a remediar, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda estimar a solicitude presentada pola empresa VEHÍCULOS, EQUIPAMENTOS Y CARROCERÍAS PRIETO-PUGA, S.L. (VEICAR) e, en consecuencia, proceder á devolución da fianza definitiva constituída mediante seguro de caución da Compañía Española de Seguros e Reaseguros de Crédito y Caución S.A.- núm. 3.854.190 - por importe de 4.780 euros (CATRO MIL SETECENTOS OITENTA EUROS).

3.- FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTENIBILIDADE LOCAL 2010

Visto o Real Decreto-lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local e tendo en conta o informe emitido polo secretario da Corporación de data 20.01.2010, obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Solicitar a inclusión no Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local dos proxectos de inversión das obras seguintes:

DENOMINACIÓN DO PROXECTO	PRESUPOSTO
1.- EDIFICIO PARA ALBERGAR CENTRO DE RECUPERACIÓN	Execución por contrata: 155.643, 55 € Ive incluído.
2.- PROXECTO PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEATONAL E SEGURIDADE VIAL DAS RÚAS BARRAL E RÚA MARÍA, TRAMO CANO DA RÚA-AVENIDA DE GALICIA, MUGARDOS (A CORUÑA)	Execución por contrata: 359.836,11 € Ive incluído.
3.- PROXECTO PARA LA REPARACIÓN DE LA ESCUELA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE O SEIXO, MUGARDOS (A CORUÑA)	Execución por contrata: 46.371 € Ive incluído.

2º.- Aprobar as fichas/memorias correspondentes aos proxectos de inversión das obras citadas, redactadas pola arquitecta Dna. Mercedes Hermida Feal (Proyfe S.L.), a primeira delas, e o arquitecto D. Javier Vizcaíno Monti, as dúas restantes, en datas xaneiro de 2010, así como a realización da inversión proxectada.

3º.- Aprobar os gastos de honorarios de redacción de proxectos e de dirección de obra, na que figura tamén incluída a coordinación de seguridade e saúde que deseguido se relacionan:

DENOMINACIÓN DO PROXECTO	ACREEDOR	CONCEPTO	TOTAL IVE INCLUÍDO
EDIFICIO PARA ALBERGAR CENTRO DE RECUPERACIÓN	PROYFE S.L.	HONORARIOS REDACCION PROXECTO	7,535,20
		HONORARIOS DIRECCION DE OBRA E COORDINACION SEGURIDADE E SAÚDE	4.842,25
PROXECTO PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEATONAL E SEGURIDADE VIAL DAS RÚAS BARRAL E RÚA MARÍA, TRAMO CANO DA RÚA-AVENIDA DE GALICIA, MUGARDOS (A CORUÑA)	JAVIER VIZCAÍNO MONTI	HONORARIOS REDACCION PROXECTO	8.776,49
		HONORARIOS DIRECCION DE OBRA E COORDINACION SEGURIDADE E SAÚDE	11.701,99
PROXECTO PARA LA REPARACIÓN DE LA ESCUELA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE O SEIXO, MUGARDOS (A CORUÑA)	JAVIER VIZCAÍNO MONTI	HONORARIOS REDACCION PROXECTO	1.750
		HONORARIOS DIRECCION DE OBRA E COORDINACION SEGURIDADE E SAÚDE	2.500

4º.- Declarar que o Concello ten plena disponibilidad dos terreos necesarios para a execución das obras antes relacionadas.

5º.- Designar á funcionaria administrativa adscrita á area de secretaría/contratación, Dña. Maria Raquel Paz Gabin, con D.N.I. 32.638.322-B, como persoa autorizada, xunto co secretario da Corporación, para a tramitación telemática dos expedientes incluídos no citado Fondo Estatal de Inversión Local e que se proceda á tramitación da súa alta como persoa autorizada para tal fin.

4.- RATIFICACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA 909/2009 E 911/2009

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ratificar as resolucións da alcaldía que deseguido se transcriben:

a) RESOLUCION DA ALCALDÍA NÚM. 909/2009, de data 23.12.2009.- Asunto: Concesión Definitiva de axuda da Área de Rehabilitación Integral. ARI-2009.

*Tendo en conta os informes emitidos polo arquitecto da oficina municipal de rehabilitación en data 15.12.2009, obrantes nos expedientes, e de acordo co disposto no artigo 33 da Ordenanza municipal reguladora das axudas á rehabilitación, polo presente **RESOLVO:***

***Primeiro.-** Aprobar definitivamente e con cargo á partida 2009.0.432.0.78001, as axudas aos solicitantes e nas contías que de seguido se indican:*

DATOS INMOBLE	SOLICITANTE	SUBVENCIÓN MINISTERIO	SUBVENCIÓN CONSELLERÍA	IMPORTE TOTAL
<i>R/ María nº 9, baixo</i>	<i>Lozano Ortega, Luis</i>	<i>4.103,82 €</i>	<i>4.103,82 €</i>	<i>8.207,64 €</i>
<i>R/ María nº 9, 1º</i>	<i>Ferrer Paz, Teresa</i>	<i>4.500,00 €</i>	<i>4.500,00 €</i>	<i>9.000,00 €</i>

***Segundo.-** Dése por rectificado o erro material padecido na aprobación inicial da axuda de D. Luis Lozano Ortega de 8.027,64 €, cando debería dicir 8.207,64 €.*

***Terceiro.-** Notifíquese a presente resolución aos interesados e dése traslado á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.*

***Cuarto.-** Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local para a súa ratificación."*

b) RESOLUCIÓN DA ALCALDIA Nº. 911/2009, de data 28.12.2009.- Vista a certificación de obra que deseguido se relaciona, presentada pola empresa CONSTRUCCIONES MANUEL VARELA COLLAZO S.L.:

- Certificación nº 1 da obra de "REFORMADO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA REURBANIZACIÓN DAS RÚAS BARRAL E CATRO VENTOS"

*E tendo en conta o informe emitido pola interventora municipal, obrante no expediente, pola presente **RESOLVO:***

1º.- Prestar aprobación á certificación núm. 1 da obra de "REFORMADO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA REURBANIZACIÓN DAS RÚAS BARRAL E CATRO VENTOS" por importe de NOVENTA MIL CATROCIENTOS TRINTA E CINCO EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (90.435,89 €) con cargo á partida 2009.1.432.0.60104 do orzamento vixente, así como á factura correspondente.

2º.- Ratifíquese o presente acordo na vindeira sesión da Xunta de Goberno Local que se celebre.

5.- LICENZAS DE OBRAS

Tendo en conta os informes emitidos polos/as técnicos/as municipais así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda conceder, sen perxuício de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

A) LICENZAS DE OBRAS MENORES:

- D. JUAN ANTONIO PEREIRA ARES (EXPTE. 160/2009) segundo solicitude de data 15 de setembro de 2009, para soleira de formigón de aproximadamente 30 m², en San Victorio nº 6, referencia catastral: 2709803NJ6121S. Dacordo coa autorización da Consellería de Cultura e Turismo, Sección de Patrimonio Histórico de data 11.12.2009, obrante no expediente.

A soleira irá dende a aliñación exterior do camiño da R/ San Victorio, coas seguintes dimensións:

- Fronte, de 4,50 metros por 3,35 metros
- Lateral de 2,73 metros por 1,00 metros
- Parcela de 8,00 metros por 1,25 metros.

Distará 5 metros do eixo da vía, solicitará aliñación no concello previo á súa execución.

Non sobrepasará a rasante da vía nin creará desniveis superiores a 1 metro respecto ao colindante.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

B) LICENZAS DE OBRAS DENEGADAS:

Tendo en conta os informes desfavorables emitidos pola arquitecta municipal, e o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, así como as propostas formuladas polo concelleiro de urbanismo e industria - obrantes no expediente.

E tendo en conta asimesmo que no trámite de audiencia ás/aos interesadas/os por estas/os non se ten presentado ningunha alegación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda denegar as seguintes solicitudes de licenza de obras:

- D. CARLOS VÁZQUEZ ARIAS en representación UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. (EXPTE. 84/2009) segundo solicitude de data 4 de xuño de 2009, para instalación de liña de Media Tensión soterrada, un centro de transformación e a reforma da rede de Baixa Tensión, en O Penedo, polos seguintes motivos:

➤ O centro de transformación proxectado sitúase nunha parcela cualificada polo PXOM como solo urbano non consolidado, SUNC-P1-PEDREIRA. A liña de MT pasa por terreos cualificados polo PXOM como rede viaria en solo urbano. A liña aérea de BT pasa por terreos cualificados polo PXOM como rede viaria en solo urbano e solo de núcleo rural. Parte desa liña transcorre pola estrada CP-3504 de titularidade da Deputación Provincial.

➤ A instalación do CT na parcela en solo urbano non consolidado non é autorizable, dado que non se trata dun uso ou obra provisional, de acordo co establecido no art. 102 da LOUG:

“Malia obrigatoriedade da observancia dos plans, se non dificultase a súa execución, poderán autorizarse usos e obras xustificadas de carácter provisional en solo urbano non-consolidado, solo urbanizable delimitado e terreos afectados a sistemas xerais en tanto non se iniciase o procedemento de xestión correspondente, sempre que non estean expresamente prohibidos pola lexislación urbanística ou sectorial nin polo planeamento xeral, que deberán derrubarse cando o acordase o concello, sen derito a indemnización. A autorización aceptada polo propietario farase constar baixo as indicadas condicións no rexistro da propiedade.

As obras executadas para usos provisionais deberán ser as mínimas imprescindibles para permitir unhas instalacións facilmente desmontables. Non se admiten como usos provisionais os residenciais nin os industriais.”

➤ A maiores, ao non estar desenvolvido o polígono, non poden determinarse as aliñacións ás que debe axustarse o CT.

➤ A rede de baixa tensión que se substitúe debe preverse soterrada, de acordo co establecido no art. 186 do PXOM relativo a subministro de enerxía eléctrica e alumeadado público: “(...) As liñas de distribución e de alumeadado público serán soterráneas nos cascos urbanos”

➤ NOTA: De cara a unha nova solicitude co mesmo obxecto que a presente, deberá achegar o seguinte:

- Autorización da Deputación en relación á estrada da súa titularidade.
- Nomeamento do director de obra.
- Detalle das canalizacións soterradas en relación cos servizos públicos existentes, coas distancias ou cruces que foran necesarios.
- Orzamento no que se detalle a obra civil.
- Garantía polo 100 % do custo da obra civil.

- Dna. **GEMMA GARCÍA LÓPEZ (EXPTE. 137/2009)** segundo solicitude de data **25 de agosto de 2009**, para colocación de barandilla na terraza realizada no local de compra-venda de coches de segunda mano, en Camiño Grande nº 31, referencia catastral: 4997118NJ6049N, polos seguintes motivos:

- A parcela onde está situado o edificio está cualificada como Solo de Núcleo Rural (SNR) polo PXOM.
- O edificio está fóra de ordenación ao non cumprir as condicións de edificación do Art. 29 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e do Art. 255 do PXOM no relativo ao recuamento mínimo lateral.
- Nunha licenza anterior autorizáronse obras para impermeabilización de cuberta (expte. 79/09) non para facer unha terraza. O acceso á cuberta debe limitarse ao mantemento.
- Por outra banda, de acordo coa Sección quinta do Código civil, o uso de terraza encostada ao linde implica adquirir dereitos de vista sobre a propiedade colindante, sen que conste o consentimento desta.

6.- APROBACIÓN E LIQUIDACIÓN DOS GASTOS DE EXECUCIÓNS SUBSIDIARIAS.

A) EXPEDIENTE DE EXECUCIÓN SUBSIDIARIA DAS OBRAS DEMOLICIÓN DO INMOBLE SITO EN R/ BARRAL Nº 2: APROBACIÓN E LIQUIDACIÓN DOS GASTOS.

Executadas polo Concello as obras necesarias para a demolición do inmovible sito en R/ Barral nº 2, referencia catastral: 0325601NJ6102N, declarado ruína e ordenada a demolición do inmovible por Resolución da Alcaldía nº 899/2008, de data 20.11.2008.

Tendo en conta o informe da arquitecta municipal, de data 15.12.2009, do que resulta acreditado que as obras se dan por rematadas, así como a proposta formulada polo concelleiro de urbanismo e industria, obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar e liquidar aos herdeiros de Dna. AMALIA SABATER SOUTO, o importe total dos gastos ocasionados pola execución subsidiaria das obras de demolición do inmovible sito en R/ Barral nº 2, referencia catastral: 0325601NJ6102N, que ascenden á contía de 5.043,18 €(CINCO MIL CORENTA E TRES EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS).

Segundo.- Notificar o presente acordo á Tesourería municipal e remitir edicto que se publicará no BOP para os efectos de notificación aos posibles herdeiros de Dna. AMALIA SABATER SOUTO.

B) EXPEDIENTE DE EXECUCIÓN SUBSIDIARIA DAS OBRAS DEMOLICIÓN DO INMOBLE SITO EN R/ MARÍA Nº 8 ESQUINA CON RÚA BARRAL: APROBACIÓN E LIQUIDACIÓN DOS GASTOS.

Executadas polo Concello as obras necesarias para a demolición do inmovible sito en María nº 8 esquina con rúa Barral, referencia catastral: 0325608NJ6102N, declarado ruína e

ordenada a demolición do inmovible por Resolución da Alcaldía nº 884/2008, de data 17.11.2008.

Tendo en conta o informe da arquitecta municipal, de data 15.12.2009, do que resulta acreditado que as obras se dan por rematadas, así como a proposta formulada polo concelleiro de urbanismo e industria, obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar e liquidar aos herdeiros de Dna. EULALIA CANCELA CARRERÓ como propietarios segundo informe da policía local, a D. GABRIEL SÁNCHEZ como titular catastral, e aos herdeiros de Dna. TERESA SANGERMÁN FERNÁNDEZ e D. FRANCISCO YÁÑEZ PLANAS como propietarios segundo a Nota Simple informativa remitida polo Rexistro da Propiedade de Pontedeume, o importe total dos gastos ocasionados pola execución subsidiaria das obras de demolición do inmovible sito en R/ María nº 8 esquina con rúa Barral, referencia catastral: 0325608NJ6102N, que ascenden á contía de 5.735,16 € (CINCO MIL SETECENTOS TRINTA E CINCO EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS).

Segundo.- Notificar o presente á Tesourería municipal e remitir edicto que se publicará no BOP para os efectos de notificación tanto a D. Gabriel Sánchez, coma dos herdeiros de Dna. Teresa Sangermán Fernández e D. Francisco Yáñez Planas, e practicar notificación individual a D. Roberto Coira Andrade como herdeiro coñecido de Dna. Eulalia Cancela Carreró.

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e vinte e dous minutos do día ao comezo sinalado, pola Presidencia levántase a sesión, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

Vº. e praxe
O ALCALDE